

VALENTÍN PAZ-ANDRADE, NA LUZ E NA SOMBRA

Ramón Villares
Real Academia Galega
Universidade de Santiago de Compostela
Consello da Cultura Galega

Resumo: Este texto efectúa unha aproximación global á biografía de Valentín Paz-Andrade, nas súas luces e sombras, que é abeirada a través de varios trazos. En primeiro lugar, subliñase a súa condición de intelectual ilustrado, de creador literario e de profesional no campo do dereito e da economía pesqueira. Tamén, en segundo termo, a súa traxectoria política marcada polo ideario galeguista e por unha concepción civilista da práctica política, tanto nos tempos da II República como durante os anos da transición da ditadura franquista á democracia. Da súa obra de pensador e analista económico, repárase na orixinal reflexión condensada no libro *Galicia como tarefa*, un grande esforzo intelectual que supera a tradición teórica do galeguismo de pre-guerra, ao colocar o centro de gravidade da idea de Galicia nos aspectos cívicos, como unha “tarefa” que os galegos han de “hacer o rehacer todos los días”. E, finalmente, ofrécense unhas breves referencias da súa presenza en América Latina, dos contactos co exilio republicano e da consideración do galego, en tanto que irmán do portugués, como lingua transcontinental.

Abstract: This paper makes an overall approach to the biography of Valentín Paz-Andrade, in its lights and shadows, from different perspectives. At first, it highlights their status as enlightened intellectual, literary creator and professional in the field of law and of fisheries economics. Also, secondly, his political career, marked by galicianist ideology and by civilian conception of political practice, both in the times of the Second Republic and during the years of transition from dictatorship to democracy. In his work as a thinker and an economic analyst stands on the original reflection condensed in the book *Galicia as a task*, a great intellectual effort that exceeds the theoretical tradition of prewar’s galicianism to placing the center of gravity of the idea of Galicia in civic issues, as a “task” that galicians have to “do or redo every day.” And finally, there are some brief references to its presence in Latin America, about contacts with republican exile and about the consideration of Galician language as twinned with the Portuguese, thus becoming a transcontinental language.

Palabras Chave: Galeguismo, democracia, pensamento económico, economía rexional, lingua e cultura.

Keywords: Galicianism, democracy, economic thought, regional economy, language and culture.

Valentín Paz-Andrade foi unha figura ben singular na historia cultural e política da Galicia do século XX. Asentado na cidade de Vigo desde a súa mocidade, de onde non se mudou nunca salvo para atender frecuentes mais non longas estadias no exterior, podería parecer que fose un típico provinciano ou localista, amante do “lugar”, pero pouco integrado no mundo. Especializado en temas profesionais relacionados coa avogacía e co asesoramento empresarial en materias pesqueiras, tivo non obstante un gran protagonismo na vida política e tamén no campo da cultura, como xornalista de primeira vocación e como ensaísta e creador literario de notable fuste. Dotado da emoción necesaria para a análise literaria e a composición poética, foi tamén un home racional e pragmático. Considerado a si mesmo como un “home de empresa”, tivo azos para dotarse dunha notable formación na ciencia económica e na economía pesqueira. En realidade, Paz-Andrade foi un dos nosos serodios ilustrados, que andou sempre á procura das luces da razón. Nos seus escritos de ensaio e nas súas propias decisións políticas e empresariais sempre se encontra un pouso de racionalismo, adobiado cunha evidente emoción galega. Para dicilo con expresión clásica mellorada polo Montesquieu, tentou combinar a paixón do cabalo coa razón do xinete. Pensemos no proxecto Pescanova, unha obra do cálculo e da razón económica, pero con embarcacións que levan de inicio nomes nidiamente galegos: “Lemos”, “Andrade” e por aí adiante. El tivo unha biografía densa e coherente, que lle permitiu manter en pé os seus criterios e ideais en circunstancias ben diferentes, cando non adversas, fose en contextos de ditaduras ou en períodos democráticos. Por todas estas razóns, achegarse á súa biografía como un todo supón examinar todo un século a través da súa propia peripecia individual.

Na súa última fase vital, unha das tarefas que se impuxo Paz-Andrade foi a de redactar unha biografía que el e tantos dos seus amigos e coetáneos reputaban imprescindible, que era a de Alfonso R. Castelao, na que comezara a matinar cando a morte de Virxinia Pereira, no Nadal de 1969. Cando lle dá novas da morte da viúva de Castelao a Rodolfo Prada, xa lle anuncia que cumpriría “ordenar unha biografía de Castelao, coa axuda de testimonios vividos”, entre os que menciona ao propio Prada e a Núñez Búa (carta a Prada, 24/12/1969). Foi un traballo individual, pero que tiña na súa orixe un fondo claramente coral. A amizade e coñecemento directo que Paz-Andrade tiña da figura e da obra de Castelao era

moi abondoso como para soste por si mesmo a trama do relato biográfico. Pero menos por precaución científica e máis guiado por un ánimo socializador do legado de Castelao, Paz-Andrade acudiu a moitas fontes e documentos, en gran parte gardados no exilio porteño, que lle forneceron amigos e correligionarios de Castelao, desde Rodolfo Prada, X. Núñez Búa ou X. B. Abreira ata o grupo de Montevideo (Meilán, Canabal, Crestar) ou de México (Delgado Gurriarán, Osorio-Tafall) ademais dos amigos de Castelao que xa residían en Galicia. Esta biografía leva un título ben coñecido, *Castelao na luz e na sombra*, obra editada polo seu amigo Isaac Díaz Pardo no selo editorial das Edicións do Castro, no ano 1982.

Non é preciso advertir que non é do caso falar desta obra en concreto –outro conferenciante así o fará neste propio congreso– nin tampouco de facer comparacións improcedentes entre biógrafos e biografados. Pero alén de recoñecemento a esta magna biografía, hai nesta miña escolla algo de homenaxe tamén ao enfoque intelectual empregado por Paz-Andrade, quen gustaba de recorrer a esta concepción ilustrada ou iluminista para analizar obras e individuos. Pois antes de empregar esta aposición para a biografía de Castelao, propúxose levar a cabo, como discurso de ingreso na RAG, un traballo titulado *Luces na sombra de Añón*, mecanoescrito que mesmo chegou a ser enviado á institución, segundo se deduce da carta de acuse de recibo do presidente Sebastián Martínez-Risco ao autor (14/7/1973), pero non consta cal foi o destino ulterior deste texto, agás que estaba disposto que fose Ramón Otero Pedrayo quen debería facer a contestación. Non sabemos as razóns, pero tal discurso nunca foi pronunciado. O que sí sabemos é que Paz-Andrade enviou posteriormente un novo texto, sobre tema ben diferente, *A galecidade na obra de Guimarães Rosa*, ao que daría resposta Álvaro Cunqueiro. O asunto escollido era unha clara manifestación do seu interese pola cultura e pola literatura brasileira abeirada desde os pagos galaicos, como neste autor foi tan frecuente, dado o trato amical que mantivo con autores como Guilherme d'Almeida, o “príncipe dos poetas” brasileiros, a quen coñeceu cando o exilio do poeta paulista en terras portuguesas nos primeiros anos trinta. A idea das luces e as sombras é, con todo, dabondo polisémica como para non precisar algún esclarecemento previo.

Para Paz-Andrade, as “sombras” de Castelao teñen que ver, de modo especial, coa propia fama ou posteridade do rianxeiro e non con desacertos ou fracasos rexistrados durante a súa vida. A razón última do biógrafo de Castelao para aludir a tales sombras está case agochada nun dos treitos derradeiros do libro, cando afirma que trinta e dous anos despois da morte do rianxeiro, “unha vida diáfana virou da luz para a sombra”, sombra da que a figura de Castelao non saíra ata que retornasen as súas cinzas a Galicia, o que aconteceu en xuño de 1984, pouco tempo despois de que esta biografía saíse a lume. Penso que a análise daquel episodio, que removeu as frebas máis íntimas do nacionalismo galego, sería

un epílogo necesario á biografía de Castelao, que podería ter escrito o propio Paz-Andrade, pero que non fixo el nin ningunha outra persoa ata o día de hoxe. Con todo, tampouco el concordaba coas iniciativas que, na Terra e na diáspora, abrollaron a partir da morte de Franco para acelerar o retorno de Castelao e non asistiu persoalmente ao acto de chegada a Bonaval do cadaleito do rianxeiro para ingresar no Panteón de Galegos Ilustres. Sombras espaxeadas sobre a memoria de Castelao que Paz-Andrade entendía como unha adversidade innecesaria para unha biografía chea de luces.

Para o noso caso, non é preciso recorrer a semellante dramatismo. A biografía de Valentín Paz-Andrade foi feita, de modo fragmentario e a varias mans, durante todo este ano 2012, con motivo de ser el a figura central do Día das Letras Galegas. As súas cinzas repousan en Vigo e non está en causa o seren removidas para ningún outro sitio. Pero non considero que estea fóra de lugar pensar esta miña intervención sobre o percurso biográfico de Valentín Paz-Andrade botando man dalgunha das analoxías que suxire o texto sobre Castelao, alargando o significado metafórico das luces e das sombras como un modo práctico de abeirar unha biografía complexa, como é a do propio Paz-Andrade. O seu percurso vital, como propio dunha biografía densa e coherente, está inzado de moitas luces, pero tamén dalgunhas sombras ou desencontros. E alén de todo iso, a “fama” posterior á morte física de Paz-Andrade tamén se pode analizar con este xogo de espellos da luz e da sombra, pois de delambas hai neste cuarto de século transcorrido desde a súa morte na primavera de 1987. Se non fóra excesiva a comparanza, podería recorrer á clásica distinción, que entre nós fixo de modo maxistral o propio Diego Xelmírez, entre “res gesta” e “historia rerum gestarum”. Paz-Andrade coidou máis das “res gesta”, isto é, de facer cousas que de contar a historia dos seus moitos benfeitos.

UNHA BIOGRAFÍA À *REBOURS*?

“Case sempre me tocou estar na oposición”, confesaba na Televisión Galega, nunha das súas últimas entrevistas concedidas en vida. Non lle faltaba razón a don Valentín, máis por se ter el mesmo arredado do primeiro plano da acción política que por motivos de confrontación a campo aberto cos seus adversarios. Aconteceu deste modo nos tempos republicanos, cando se foi retirando da vida pública a partir da segunda metade do ano 1932, e aconteceu algo semellante no período de construción do réxime autonómico, co que apenas concordou malia posuír unha traxectoria política fundada en ideas fortes, como son as de republicanismo, democracia e galegitude. A súa vida tivo, alén de coherencia e firmeza, unha miga de navegación de bolina ou a contracorrente. Foron as vidas de moitas figuras da España do século XX, que se viron envoltas en confrontacións e guerras, conflitos ideolóxicos e mesmo fendas nas amizades persoais.

Situemos, de entrada, a figura de Paz-Andrade no contexto da Galicia do século XX. Asentado desde moi novo na cidade de Vigo, aquela urbe que o viaxeiro Azaña definira en 1918 como algo «novísimo, rico e anglófilo», Paz-Andrade destacou desde a súa mocidade pola súa ubicación política no campo do galeguismo democrático e republicano. Promotor en 1930 do Grupo Autonomista de Vigo (GAG), participou activamente nas campañas políticas de preparación do réxime republicano e foi figura activa no proceso de fundación do Partido Galeguista, que tivo lugar na cidade de Pontevedra en decembro de 1931. De forma paralela á súa actividade política, que perdeu intensidade a partir de 1932 –un grave atentado estivo a piques de lle custar a vida e, no seo do Partido Galeguista, tivo algúns disensos con figuras como Alexandre Bóveda–, converteuse nun profesional moi acreditado como experto avogado e como asesor de empresas pesqueiras, tal como anos despois o definiría Ramón Otero Pedrayo, nunha carta de 1947 ao patricio galaico-porteño Manuel Puente: «abogado de gran bufete, en Vigo, muy dueño de temas de economía y política».

El foi, desde logo, unha figura de forte personalidade individual, con poucas ancoraxes xeracionais, pero moi atento ás tendencias que marcaron o rumbo do século vinte. Nacido a finais do século XIX, na cidade de Pontevedra, tivo unha traxectoria biográfica que o situou xeracionalmente nunha sorte de «no man's land», entre dúas grandes xeracións intelectuais e políticas da Galicia contemporánea. Dunha banda, a fecunda xeración *Nós*, formada por figuras como Vicente Risco, Otero Pedrayo, Florentino López Cuevillas ou Alfonso Castelao, nados todos eles na década de 1880 e que comezaron a ter presenza na vida pública galega, como dirixentes políticos e como intelectuais, desde a definición das Irmandades da Fala como grupo nacionalista, en 1918. Era a xeración que, en termos literarios, representa o fidalgo rural Adrián Solovio do romance *Arredor de sí* (1930), de Otero Pedrayo. A segunda xeración foi igualmente vigorosa e anoadora, a que se coñece como do Seminario de Estudos Galegos (institución fundada en 1923), formada por «mozos» como Fermín Bouza, Xosé Filgueira Valverde, Lois Tobío, Ramón Martínez López –membros fundadores do Seminario– e algúns algo máis novos como Luís Seoane ou Ricardo Carballo Calero, nados todos eles xa na primeira década do século vinte e con presenza pública significativa nos tempos da II República. Esta foi a xeración que literariamente aparece no romance oteriano *Devalar* (1935) co nome de Martiño Dumbría. Trátase dun grupo intelectual de extracción social basicamente urbana ou vilega e cunha formación propia da modernidade científica dos tempos do institucionalismo de Giner de los Ríos (JAE, 1907) fronte á angustia existencial do grupo *Nós*, moi próximo ás vivencias do 98 e un “egotismo” de inspiración barresiana. Pero Paz-Andrade foi máis ben un Dumbría ca un Solovio. Foi o exemplo dun intelectual e dun emprendedor que ollaba cara ao porvir, con escasas querenzas saudosas.

Talvez por esta ubicación «intersecular», Paz-Andrade foi unha figura que se relacionou de forma activa cos membros destas dúas xeracións, alén de se sentir moi próximo de persoas máis coetáneas como Eduardo Blanco Amor, Bibiano Osorio-Tafall ou Xosé Núñez Búa. En todo caso, a súa formación cultural galeguista no ámbito familiar, co seu tío Juan Bautista Andrade, amigo de Alfredo Brañas e de Castelao, facilitoulle unha precoz irrupción na vida pública galega. Como estudante universitario en Compostela participou nas primeiras Irmandades da Fala e aos vinte e catro anos estaba a dirixir o xornal de Vigo *Galicia* (1922-1926), un exemplo de publicación concibida empresarialmente e non como un «diario de avisos», como teñen subliñado varias análises recentes sobre aquel xornal (López García, 2004). E aos trinta e poucos anos era un dos principais dirixentes políticos do galeguismo republicano, ademais de se ter convertido en profesional reconecido no mundo das pesqueiras, ao que se dedicou con determinación tamén no campo da divulgación como director durante moitos anos da revista *Industrias Pesqueras* (fundada en 1927 e dirixida por el, desde 1942, ata a súa morte). Como profesional, xornalista e dirixente político, era figura claramente consagrada nos tempos anteriores á guerra civil. A contenda de 1936 tivo para Paz-Andrade, como para moitos compañeiros de xeración, consecuencias adversas (cárcere ou desterros) que felizmente non puxeron en perigo a súa vida. Pero esta converteuse, durante o franquismo, nunha variante do exilio interior que tan común foi para moitos republicanos que decidiron ficar en España.

No caso de Valentín Paz-Andrade, estes anos da posguerra obrigárono a concentrar a súa actividade no campo profesional, como asesor e mediador empresarial e como experto, a nivel internacional, en economía pesqueira. Exemplo desta especialización son algunhas iniciativas en que participa na década dos cincuenta e primeiros sesenta. Co apoio do empresario portugués de orixe galega Manuel Cordo Boullosa, elaborou un ambicioso proxecto para a creación na zona de Vigo dunha empresa de refinería de petróleo, *Petrogasa*, que non chegou a ter o aval do Instituto Nacional de Industria (INI) nin do seu principal dirixente, Juan Antonio Suances, que inclinou a balanza cara á localización dunha empresa análoga na cidade da Coruña uns anos máis tarde. As razóns que influíron, segundo lle conta Paz-Andrade ao propio Boullosa, foron moi variadas: “el trasacuerdo del gallego operado en hombres que tan poco acusan esa filiación, como Suances y S.E. [Franco]. Supongo que la inoportuna interferencia de la Coruña y la indiferencia de Vigo han producido ese cambio de criterio” (carta de 3/4/1955).

En cambio, resultou un éxito a empresa pesqueira *Pescanova*, fundada en 1961 co capital empresarial da familia Fernández López e asentada en Vigo, que incorporou a técnica do conxelado a bordo desde o principio e que moi axiña se convertería nunha firma transnacional, a través de empresas conxuntas situadas en varios

continentes. Modestamente diría Paz-Andrade que “descubrín por casualidade a riqueza pesqueira, fabulosa, que non se coñecía en España”, no curso dunha viaxe a Mozambique e a África do Sur, na que observou que só os xaponeses, soviéticos e surafricanos explotaban a pesca marítima (Silva, 1985). Pero a especialización de Paz-Andrade no campo da economía pesqueira tamén se beneficiou moito da oportunidade que tivo para participar como profesor en diversos cursos de capacitación e de asesoría en materia pesqueira para técnicos e gobernos de diversos países de América Latina (Chile, México, Colombia, Arxentina...), a partir dun convite que lle fixo en 1950 o seu conterráneo pontevedrés Bibiano Osorio-Tafall, un exiliado republicano que estaba vencellado ás Nacións Unidas e, naquela época, máis concretamente á FAO e ao seu programa de loita contra a fame. A súa continuada presenza no continente americano, logo ampliada cara a África do Sur, deulle a Paz-Andrade un profundo coñecemento de economía pesqueira e, en xeral, dos problemas económicos do mundo da posguerra, que son perceptibles en textos como o libro *Galicia como tarefa*.

Alén desta especialización profesional, Valentín Paz-Andrade comezou a cultivar a súa vea literaria, compoñendo algúns poemarios durante os longos meses de desterro nas montañas orientais de Galicia. Con todo, a súa incorporación ao sistema literario galego non se produciu ata a aparición do seu canto poético á memoria do amigo Alfonso R. Castelao, *Pranto matricial*, imprentado en Buenos Aires no ano 1955. Non eran os primeiros poemas que o autor escribía, pero foron os que viron a luz primeira e o motivo non era inocente nin irrelevante, pois trátase da mellor e máis sentida homenaxe que naquela altura se lle fixo á figura de Castelao, dentro e fóra de Galicia. Outras pezas poéticas, de semellante ou maior forza expresiva, aínda demorarían moitos anos en seren publicadas (*Sementeira do vento*, 1968 e *Cen chaves de sombra*, 1979) ou ficaron inéditas ata que, co gallo de ser el o protagonista do Día das Letras Galegas de 2012, apareceron outros orixinais, como *Canto do pobo disperso*, composto en Bogotá en 1955, que editou en edición non venal o Consello da Cultura Galega (Santiago, 2012). Ademais de xornalista e de profesional da avogacía e da asesoría empresarial, Valentín Paz-Andrade pode ser considerado tamén como un notable autor literario e, nomeadamente, poético.

Algúns trazos esenciais da biografía de Paz-Andrade poden ser compostos a través de testemuños coetáneos, expresados con frecuencia a través de literatura epistolar e confidencial. Servireime, entre moitos posibles, de tres exemplos de contexto e extracción social e cultural ben diferentes entre si: Otero Pedrayo, Osorio-Tafall, Norberto Frontini... O señor de Trasalba tiña en grande aprecio a Paz-Andrade, como tiña a tantos dos seus coetáneos. Non o colocou no retábulo do seu *Libro dos Amigos*, talvez por consideralo do cupo dos “novos”, pero non deixou de facer precisos trazos da súa personalidade en diversas ocasións. De

forma encomiástica faino, nos tempos da II República, nun dos sonetos amicais aos que era tan afeccionado Otero Pedrayo:

Saude, Papiniano da Moureira
De boa gana dariache unha aberta
Na opulenta Carthago azul e branca...
¿Qué foi ao teu carón Montero Rios?
¡Un rexoubante inxenio canonista!

Anos despois, Otero Pedrayo segue a gabar a figura de Paz-Andrade. En carta a Manuel Puente, de 1947 (xa citada) alude á súa condición profesional de avogado e mediador empresarial (“muy dueño de temas de política y economía”) e tres anos máis tarde, con ocasión da súa primeira viaxe a Buenos Aires, o patriarca de Trasalba volve reiterar en carta a Puente (agosto de 1950) o seu fondo aprecio polo noso biografado:

Penso moito en Paz-Andrade. Ten de fortalecer moitos vencellos e deixará un fondo ronsel. Valentín, ademáis do seu entusiasmo sereo –no fondo hai nil un lírico como en todo galego– ten a facultade de enroitar ben os problemas [...]

Pola súa banda, Bibiano Osorio-Tafall, seu amigo de mocidade na “Boa Vila” e seu “irmán” nas Nacións Unidas para participar en América latina nas campañas de capacitación pesqueira, tiña de Paz-Andrade unha idea precisa e, en certo modo, complementaria da ofrecida polo Otero Pedrayo. Nunha longa carta escrita en 1984, a propósito da biografía *Castelao na luz e na sombra* (obra sobre a que efectúa unha crítica precisa de enfoques e mesmo de erros puntuais), alude Osorio-Tafall, desde a súa perspectiva de vello líder republicano autonomista, á natureza sociolóxica do galeguismo a propósito da propia figura de Paz-Andrade:

A mi juicio, en el movimiento primero, y en el partido [galleguista] después fallaron, por lo menos dos cosas: organización y propaganda.

En lugar de tanta literatura e historia, se requería máis economía e industria. Tú mismo eres un ejemplo, quizás el único, ya que has sabido combinar armónicamente ambas cosas.

Pero en contraste, ¿cuántos ingenieros, industriales, técnicos, economistas, sociólogos, etc. nacidos en Galicia se han preocupado de los problemas gallegos? La lista resultaría sumamente pobre (carta de 12/1/1984).

A terceira referencia de perfil biográfico do Paz-Andrade procede dunha figura arxentina de nación pero moi ligada á cultura galega, como foi Norberto Frontini. El foi un dos grandes amigos de Luís Seoane, a quen coñecera durante a súa estada en Galicia nos anos trinta, pero daquela tamén trabara amizade con moitos outros, como Castelao, Eiroa ou o propio Paz-Andrade. Con este mantería intermitentes relacións epistolares, pero nunca carentes dunha gran confianza mutua. Con ocasión da publicación do seu discurso académico, *A galecidade na obra de Guimarães Rosa*, Frontini aconséllalle que viaxe a Brasil para se encontrar con algúns amigos, como Caio Prado ou Jorge Amado. Na carta de presentación ao historiador e economista paulista Caio Prado, afirma Frontini que

Valentín es muy brasileño, porque conoce la obra de los intelectuales del Brasil. Es uno de los pocos españoles amigos míos –los otros son Rafael Alberti y José Bergamín– con quien se puede hablar de corrido sobre quisicosas de todo tipo sobre nuestra América luso histórica (carta de 23/8/1982).

Como se pode ver a través do perfil trazado por estes tres amigos, os valores intelectuais e humanos de Paz-Andrade son gabados con precisión. Para o mestre Otero Pedrayo é un xurista pero tamén un poeta, un “lírico” como hai en todo galego. Para Osorio-Tafall trátase dun galeguista posuidor dunha formación pouco habitual, a do economista e do emprendedor, sen que careza de formación literaria; e para Frontini, Paz-Andrade é un experto na cultura do continente americano, o que logrou grazas ás continuas viaxes que, desde 1950, fixo á maioría das repúblicas daquel continente, como fica ben patente nos textos recolleitos no volume *Diario de Viajes*, editado recentemente. E poderíamos engadir a estes trazos mencionados, a perspectiva dun amigo de seu, exiliado na Arxentina, Xosé Núñez Búa, para quen Paz-Andrade era un “pequeno Anteo” cos “pés ben ficados na Terra, na túa”. El foi un pragmático, que tamén tivo algo de soñador e de fabricante de utopías que aínda non tiveron cumprido fin... Imos ver algunhas delas, en campos ben concretos: o da política galeguista, o pensamento económico e a apertura ao mundo americano e lusófono.

O POLÍTICO: GALEGUISMO E DEMOCRACIA

O perfil de Valentín Paz-Andrade como actor político é un dos trazos máis relevantes da súa longa e mesta biografía. Pero fronte á súa condición de profesional do dereito e de experto en temas económico-pesqueiros, de ideador de importantes aventuras empresariais ou de atinado ensaísta e mesmo de escritor e creador literario, a súa traxectoria como político en activo tivo moito de intermitente, malia a súa insubornable vocación para actuar no campo da política e da acción

social de masas. O seu protagonismo na vida pública como xornalista e como dirixente político foi importante no ámbito do nacionalismo ata a guerra civil, aínda sen ter chegado ao nivel doutros membros da súa xeración como Alexandre Bóveda ou algo máis vellos, como Otero Pedrayo, Vicente Risco e Alfonso Castelao. Durante a longa ditadura franquista, a súa actividade política foi escasa na Terra, onde se mantivo afastado tanto dos núcleos do galeguismo cultural como do novo nacionalismo, aínda que soubo manter unha estreita relación co exilio galego en América, tanto no plano cultural como no político ou empresarial. Foi logo, coa morte de Franco e co inicio da transición democrática, cando Paz-Andrade achegou un alento orixinal á vida política galega coa súa participación nos pactos da reforma política e nos primordios do proceso autonómico, amparado por unha das plataformas de oposición política ao franquismo como foi a Xunta Democrática. A tradición de galeguismo republicano da que nunca abdicara fíxose de novo presente naqueles anos de 1975 a 1979, en forma dunha nova “alborada civil” –para usar palabras de seu– que se concretaría nas grandes mobilizacións de Nadal de 1977 en demanda da autonomía para Galicia.

O interese de Paz-Andrade pola política galega foi constante durante toda a súa vida, pero non sempre puido manifestarse nun primeiro plano. Esa intermitencia tivo que ver, nalgúns casos, con desistimento persoal e, na maior parte das veces, con imposibilidade obxectiva provocada polos tempos que lle tocou vivir. Pero aínda sen querer ou poder desenvolver unha tarefa de acción ou intervención na vida pública, Paz-Andrade sempre se mantivo atento á política galega e internacional e foi quen, durante toda a súa vida, de manter unha posición persoal que sen ningunha dúbida se pode cualificar como coherente e mesmo orixinal. Situado desde a súa mocidade nas campas do nacionalismo das primeiras Irmandades da Fala, nunca descoidou profundar en dúas vías de acción para a mellora da situación de Galicia. A acción social, dunha banda, tentando vencer o ideario galeguista coas clases sociais máis activas, fose a través do agrarismo ou fose a través das organizacións corporativas de empresarios e profesionais. O agro e o mar, o traballo da terra e a manufactura nunca estiveron ausentes da súa cosmovisión política. E unha segunda vía de acción foi a súa concepción da política como resultado da mobilización social e do combate democrático, os dous valores centrais da acción política nunha sociedade de masas. O saúdo de despedida que, nos anos trinta, empregaba Paz-Andrade na súa literatura epistolar é definitorio. Fronte ao étnico “Terra a nosa” tan frecuente na prosa dos galeguistas da época, el emprega nunha ocasión en que se dirixe ao grupo de Ourense (Risco, Otero, Cuevillas) outros termos nada equívocos: “Saúde, Terra e liberdade”, isto é, republicanismo, nacionalismo e democracia.

A súa acción política intermitente non significa que se trate dunha executória episódica ou irrelevante. Máis que secundario, o seu protagonismo político

estivo caracterizado por manter posicións persoais e políticas pouco acordes coa disciplina ideolóxica ou organizativa de partidos e grupos políticos e por defender de forma constante unha concepción pragmática da política, na que o “facer” primase sempre sobre o “ser”, a acción política sobre a elucubración teórica, a vontade de acción sobre a identidade. Alén diso, procurou ter unha ancoraxe social e unha constante conexión con grupos profesionais e empresariais que fixo da súa figura unha peza singular no panorama do galeguismo de antes e, desde logo, de despois da guerra civil. Como lle diría Osorio-Tafall, era persoa que sabía “combinar armónicamente” a pericia en “literatura e historia” cunha aposta pola “economía e industria”. Esta é a orixinalidade da concepción da política por parte de Paz-Andrade: unha ferramenta para construír un futuro para Galicia, baixo as coordenadas do autogoberno e da democracia, e non un Parnaso no que recoñecer a identidade da nación. Posición individual que, con todo, forma parte dunha das grandes correntes ou “almas” que vertebra o galeguismo político contemporáneo: a tendencia liberal e democrática que vai desde Murguía e os “irmandiños” coruñeses (Peña Novo, Viqueira) ata embocar na síntese realizada durante a experiencia republicana por Bóveda e nomeadamente por Castelao, tradición que na posguerra só foi recollida de forma intermitente por algunhas correntes, certamente minoritarias, do novo nacionalismo constituído a partir dos anos sesenta e setenta.

A configuración do ideario político de Paz-Andrade foi un proceso de aprendizaxe individual e colectivo que tivo varios referentes ou balizas. Alén da influencia que exerceu sobre el o ambiente familiar e a formación escolar na cidade de Pontevedra, hai tres momentos que se poden considerar decisivos. O primeiro foi a súa estadia en Compostela como estudante universitario. As oportunidades que se lle abrían daquela a un mozo con inxerencias políticas eran varias, desde o catolicismo social ou o republicanismo reformista ata a integración nalgunha das grandes familias políticas da altura, ben coñecidas para un home nacido á beira do río Lérez, como podían ser o monterismo ou o bugallalismo. Pero non escolleu ningún destes vieiros. Foi no ámbito das Irmandades da Fala e no maxisterio de figuras como Porteiro Garea, Peña Novo ou Vázquez Enríquez nos que o mozo Paz-Andrade bebeu as primeiras augas dunha política nova, a que representaban aínda en xermolo os membros da Irmandade da Fala de Compostela, defensores da lingua galega e promotores da idea dunha “autonomía integral” de Galicia. Eran tempos de rumbos aínda incertos, entre un rexionalismo que representaban Rodrigo Sanz, J. García Acuña ou o propio Leonardo Rodríguez, e un ascendente nacionalismo político que acadaría a súa maioría de idade na asemblea fundacional de Lugo. Aquel estudante de Dereito fórmase neste ambiente político e dá os seus primeiros pasos como dirixente. Non é por acaso que presidise en 1919 en Compostela un “grupo autonomista galego de estudantes”, que anuncia o que

sería unha constante da súa executoria política: o autonomismo como opción política para Galicia.

O segundo pilar importante na formación política de Paz-Andrade foi a experiencia labrada á fronte do xornal *Galicia* (1922-1926) e o seu asentamento profesional –que sería xa de por vida– na cidade de Vigo, que combinou coa súa participación no movemento das Irmandades da Fala e coa incorporación á plataforma do *Galicia* dunha selecta nómina de colaboradores, desde Castela, Villar Ponte ou Risco ata Lustres Rivas e Blanco Torres. Como profesional liberal entrou en contacto co tecido empresarial da cidade, especializándose en materia pesqueira como técnico e publicista –a revista *Industrias Pesqueras*, da que foi director ducias de anos, data de 1927– e como asesor empresarial, entre outros, da *Liga Marítima* de Bouzas. En Vigo tamén puido coñecer de primeira man a profunda diferenza que existía entre a súa cidade natal do Lérez e a do Areal: fronte ao peso social da administración e os corpos burocráticos pontevedreses, a hexemonía da empresa privada e nomeadamente das organizacións corporativas e de intereses da capital viguesa. Como xornalista aprendeu as regras básicas da relación co poder establecido, especialmente a partir da chegada da ditadura de Primo de Rivera en setembro de 1923, á que combateu desde o primeiro momento, a diferenza doutros nacionalistas galegos da altura (Risco, Losada, Villar Ponte) que mantiveron durante un tempo unha actitude de colaboración. A experiencia do réxime ditatorial foi o viveiro no que medrou a herba do republicanismo, que prendeu con forza nunha mocidade que estaba a protagonizar o que metaforicamente Ortega denominou a “rebelión das masas”. A monarquía volvérase o estorbo fundamental para a rexeneración da política e esta ficou asociada coa esperanza dun abrente republicano.

E así chegamos ao terceiro momento decisivo, que se fai patente nos anos de tránsito da década dos vinte á dos trinta, co ano 1930 como verdadeira charneira ideolóxica e política. Foron anos de intenso debate político e de preparación do que se consideraba inevitable –a caída da monarquía– aínda que non se tivese data fixa para tal mudanza. Pero a confianza no “delenda est monarchia” espallouse como unha mancha de aceite pola sociedade española a partir da caída de Primo de Rivera en xaneiro do ano 1930. A mobilización a favor dun réxime republicano fíxose explícita en Galicia coa fundación da ORGA pero, de forma especial, cos grandes acordos celebrados durante o ano 1930 (Lestrove en abril e Barrantes en setembro). Neste contexto, Paz-Andrade tivo un papel protagonista tanto na reorganización das Irmandades da Fala como na fundación doutros grupos de acción política que acabarían confluindo no Partido Galeguista fundado en decembro de 1931. A experiencia da ditadura afortalou algunhas das súas ideas-clave, que se farán explícitas nos textos e nas accións emprendidas a partir de 1930. A creación do Grupo Autonomista Galego (GAG) e a organización do

mitin do García Barbón o día 25 de xullo de 1930, no que Paz-Andrade participa con Otero Pedrayo e Castelao, é o mellor exemplo de activismo político, pero tamén da madurez que estaba a acadar o político vigués, porque o discurso máis programático pronunciado naquel mitin é o seu. “A nosa definición autonomista” é o seu título e o seu contido resultou ser “o máis acaído ó que esixía o momento” (Beramendi, 2007: 798).

Este discurso condensa ideas que tamén están presentes nos estatutos do GAG e noutros documentos políticos da época, de modo que naquela intervención resúmese boa parte do pensamento político do noso protagonista. O discurso comeza cunha crítica severa da ditadura que fora causa da parálise política de Galicia durante tanto tempo, no que non se aforran veladas críticas ao “extravío inelegante de intelectuales” e á aceptación pasiva, por parte de líderes sociais e dirixentes agrarios, da política económica de Primo de Rivera. O resultado estaba á vista. Galicia ficara “sete anos xorda, sete anos muda, sete anos cega”. De acordo cos tópicos propios da época, era preciso actuar e adiantar canto antes a “hora do despertamento”. Pero non se fala de patria durmida nin de resurrección da nación, como era tan frecuente no nacionalismo conservador daquela altura –entre nós, fixo un texto deste estilo Otero Pedrayo–, senón de “forte e pura afirmación de rebeldía”, que se debía encamiñar por vieiros cívicos e democráticos.

Hai dúas ideas centrais neste discurso que reflicten acaidamente o pensamento político de Paz-Andrade. A primeira é a unión dunha nova forma de goberno (o republicanismo) cunha concepción civilista e democrática da política: “para todos hai un posto nas milicias cívicas da galeguidade”, que deben loitar por unha Galicia autónoma que “sexa espello da súa propia esencia étnica” ou, dito doutro modo, no que a acción política da autonomía constrúa a identidade e non á inversa. A segunda idea é corolario da anterior. O futuro de Galicia e de España pasa por unha revisión radical do centralismo político, porque este representa “unha organización incompatible con todo réxime democrático”. O autor coñecía ben as arelas autonomistas dos diferentes “rexionalismos ibéricos” –dos que fai un breve repaso máis próximo á futura España das Autonomías que á concepción *galeuzcana* das cinco nacións ibéricas– e nese ronsel coloca a autonomía galega, como unha aposta por ter capacidade para facer políticas propias no ámbito da cultura (“dereito ó uso da nosa fala”), da igualdade entre o home e a muller, dos sectores produtivos e das políticas arancelarias. As ideas básicas de Paz-Andrade no que se refire á política teñen, pois, un norte ben claro: republicanismo como forma de goberno, federalismo autonomista fronte a centralismo e “principios democráticos” como fonte de lexitimidade. Porque o obxectivo da súa concepción da política galeguista, a diferenza da corrente maioritaria da época das Irmandades da Fala, non é “ser” senón “facer”.

No manifesto político do GAG, constituído a finais de 1930, reitéranse estas mesmas ideas. A pregunta retórica de “a qué ven o autonomismo” é respondida co principio de que “Galicia quer vivir os seus destinos” libre e emancipada, nunha España federal e con vocación internacionalista. Uns anos máis tarde, nun dos seus discursos na campaña do plebiscito do Estatuto de 1936, retomaría o noso protagonista estas ideas: “Galicia quer ser autónoma, porque aspira (...) a ter polo rito civil de autodeterminación as condicións políticas (...) que a constitución da República española permite reconquistar”. Pero o máis interesante é a vinculación que establece entre a autonomía galega e o réxime republicano. A posibilidade de que sexa recoñecido o que el denomina “feito diferencial galego” fíxose viable só co réxime republicano. Como diría Manuel Azaña, dirixíndose a un público catalán na praza da República de Barcelona en setembro de 1932, “la República y las libertades catalanas están indisolublemente unidas” a través da decisión do parlamento republicano de aprobar o estatuto de autonomía. Algo semellante propugnaba Paz-Andrade para o caso galego.

Alén desta apelación constante aos contidos dun nacionalismo de carácter democrático e republicano, outra obsesión do Paz-Andrade daqueles anos é lograr unha sólida ancoraxe sociolóxica da súa acción política. A quen representa e a quen se debe dirixir a mensaxe dun galeguismo autonomista? Penso que aquí se atopa tamén unha estratexia específica de Paz-Andrade e do seu grupo vigués que, parcialmente, levaría a cabo no seu desenvolvemento posterior o propio Partido Galeguista. Refírome á súa tentativa de empatar co agrarismo e de incorporar a súa forza ás campas da política galeguista, porque “en Galicia non se pode facer nada politicamente sen conquistar o agro, porque no agro están os votos”, segundo lle confesa a X. Núñez Búa en marzo de 1930, quen por outra banda era algo escéptico ou “abstencionista” nesta cuestión (carta do 15/02/1930). Tamén o era claramente Risco, quen sentenciu o movemento agrarista como un “partido malogrado” por aquelas mesmas datas, no seu coñecido ensaio *El problema político de Galicia*. Pola contra, Paz-Andrade mantense moi atento á evolución do agrarismo pontevedrés e mesmo elabora algúns textos para intervenir nos seus mitins. Por exemplo, nun rascuño titulado “Las organizaciones agrarias, al País gallego”, destinado a unha intervención nun mitin agrario en Lavadores celebrado no mes de abril de 1930, hai unha aposta persoal por atraer as masas agrarias. Despois de lembrar algunhas actuacións non “sanctas” dos agrarios durante a ditadura primoriverista (“más de una vez, rojos pendones agrarios revenciaron al Dictador en recepciones y comicios”), convoca os asistentes a manter unha “adhesión inquebrantable a la democracia y a la libertad” e a manter toda incompatibilidade co que non derive da “soberanía popular”.

Esta liña ideolóxica de Paz-Andrade reflicte un pensamento político que forma parte da tradición máis democrática do movemento das Irmandades da Fala,

que debe convivir con outras correntes non menos importantes, tanto de orientación precozmente republicana como procedentes do sector máis tradicionalista ou etnocultural do grupo ourensán de Risco e Otero Pedrayo. No proceso de reorganización do movemento galeguista das Irmandades da Fala, que se reflota tamén en 1930, aparecen as solucións máis diversas. Unha parte dos militantes irmandiños –basicamente, os da cidade da Coruña– aliase co republicanismo a través da ORGA e logo da Federación Republicana Galega (FRG), diverxencia que tardará anos en ser rectificada, ata o retorno ao Partido Galeguista de Antón Villar Ponte e, por outro camiño, de Ramón Suárez Picallo. Outra parte trata de manter en pé a vella estrutura das Irmandades, aínda que con escaso éxito, como xa lles advirte reiteradamente o propio Paz-Andrade a Risco, Otero e Cuevillas en sucesivas cartas ou respostas ao cuestionario feito por Risco para redefinir o ideario do movemento das Irmandades. A posición de Paz-Andrade é moi contundente e politicamente audaz: “imponse a rectificación de nomes indixeribres pro vulgo”. Fronte ao “tenro” nome de Irmandades, é preciso pensar nun partido político. Meses máis tarde e cun interlocutor ben diferente como era Portela Valladares (carta 27/12/1930), volverá sobre o asunto ao defender a necesidade dun “gran partido galeguista, con xente capacitada para gobernar co réxime d’autonomía”. E fronte á verba “nazionalismo” –deturpada polos movementos feixistas da altura– cómpre empregar os conceptos políticos de autonomismo ou galeguismo, proposta que vai trunfar na denominación oficial do partido fundado en 1931. Na realidade, esta reflexión foi común naquela altura, como amosa o catalán Rovira i Virgili quen publicara en 1916 un opúsculo sobre *El nacionalisme* que substitúe en 1932 por un título máis xenérico (*El principi de les nacionalitats*), cambio debido a que “en aquets darrers temps s’ha estès en gran manera l’accepció del mot “nacionalisme” en el sentit de xovinisme, d’imperialisme i d’exclusivisme nacional”. Nas organizacións galeguistas creadas para participar nos primordios da política republicana convive, non obstante, unha diversidade conceptual que representa algo máis que unha diferenza nominal. No ámbito vigués, o galeguismo organízase baixo a denominación de “Grupo *autonomista*”, mentres que en Ourense a súa bandeira é a do “*nazonalismo* repubricán” e os de Pontevedra agrúpanse baixo o rubro de “Labor *galeguista*”.

A participación política de Paz-Andrade na política galeguista destes anos de tránsito da ditadura á república tivo abondosas manifestacións. Alén dos esforzos organizativos que se plasmaron na fundación do GAG, foi peza importante na convocatoria da reunión de Barrantes, en setembro de 1930 e, naturalmente, no labor de preparación das eleccións de 1931 e de redacción dun proxecto de Estatuto de Autonomía. Paz-Andrade participa con Tobío, Risco, Carballo Calero e Bóveda na redacción do “anteproyeito” do Seminario de Estudos Galegos (maio de 1931), o máis adiantado de cantos apareceron naquela altura en Galicia. O

GAG vigués organiza unhas xornadas de conmemoración cívica dos “mártires de Carral” (26 de abril) que empata coa aposta dos exiliados americanos de crear unha simboloxía política do imaxinario galeguista (Carral, Pardo de Cela...), de ecos cívicos e non relixiosos. E, finalmente, Paz-Andrade integra a candidatura pola minoría galeguista que concorre ás eleccións constituíntes de xuño de 1931, canda Castelao e Cabanillas, nas que só resultou electo o rianxeiro. Houbo denuncias de fraude electoral, cometida polos republicanos radicais de Emiliano Iglesias, pero ao fin as actas non foron revisadas e aconteceu a Paz-Andrade algo análogo a Peña Novo na provincia de Lugo, que por manobras das vellas redes clientelares, ficaron fóra das Cortes constituíntes e, por tanto, da discusión parlamentaria de toda a política reformista republicana da época Azaña. Paz-Andrade, como xornalista e dirixente político, fixo moita vida en Madrid e estivo presente con frecuencia na tribuna de convidados do hemiciclo parlamentario, pero o seu protagonismo non podía ter luz propia.

A contribución de Paz-Andrade foi máis relevante na organización definitiva dun partido político que representase o amplo espectro do galeguismo. O instrumento acaído foi o Partido Galeguista, en cuxos cinco grandes principios programáticos pode advertirse a influencia do pensamento do grupo autonomista vigués e, sen dúbida, da propia man do seu principal dirixente. A adopción de principios como a “democracia política”, a preferencia do concepto “galeguista” no canto de “nacionalista” –“precisamente fun eu o que propuxen a substitución da palabra equívoca [nacionalismo] pola de galeguista” (Calvo, 1998: 102)– ou o estreito vencello entre autonomía e republicanismo, mediante a fórmula da “autodeterminación”, son indicadores claros do peso exercido polo sector dos máis novos (Tobío, Carballo) ou daqueles que procedían do autonomismo vigués, como Paz-Andrade que, ademais, resulta escollido como membro do Consello Directivo do novo partido. Aínda formando parte do núcleo dirixente do Partido Galeguista durante o ano 1932, a estrela política de Paz-Andrade comeza a devalar na constelación do galeguismo. Tamén debeu influír nesta viraxe a súa maior implicación no seu bufete profesional e mesmo o grave atentado padecido no outono de 1932. Na segunda asemblea do Partido Galeguista, celebrada a final de 1932, uns días antes da asemblea de municipios na que se aprobou o texto do Estatuto de Autonomía, Paz-Andrade deixou de pertencer ao núcleo directivo do partido, no que se facía realidade o ascenso da figura de Alexandre Bóveda, quen formaría con Castelao a parella dirixente máis forte do galeguismo ata a guerra civil.

Este foi sen dúbida o período de maior activismo político e organizativo de Paz-Andrade e tamén de máis ambición programática no seo do galeguismo republicano. A partir de principios de 1933 e ata o comezo da guerra civil, a súa actividade política fica máis nun segundo plano e mesmo está trezada de mudanzas

tácticas. Nas segundas eleccións do período republicano, en novembro de 1933, correu a mesma sorte que o resto de republicanos de esquerda e socialistas, que ficaron case varridos da vida política pola onda emerxente da dereita de Gil-Robles e dos republicanos moderados de Lerroux. Tamén foron estes os tempos máis difíciles para o Partido Galeguista, cos seus líderes Castelao e Bóveda “desterrados” por influencias de Emiliano Iglesias (Calvo, 1998, 112). Pero tamén foi a ocasión para fixar unha estratexia política de alianza coas forzas republicanas de esquerda e abandonar o cómodo “accidentalismo”. A viraxe do galeguismo cara á coalición da Fronte Popular provocou algunha escisión (caso da Dereita Galeguista) e tamén algún distanciamento. Este foi o caso de Paz-Andrade que, sen rachar as súas relacións persoais e afectivas cos líderes do Partido Galeguista, foise encamiñando cara a posicións máis moderadas e centristas que o colocaron politicamente nas beiras do galeguismo. Con todo, os seus disensos eran máis tácticos que propiamente ideolóxicos, a diferenza do que aconteceu con outras figuras como Risco ou Filgueira. O disenso de Paz-Andrade, medio pactado con Castelao, manifestouse na aceptación da oferta de Portela Valladares de participar, na compañía de varias figuras de procedencia republicana e agrarista (Iglesias Corral, Santiso Girón, Basilio Álvarez), na campaña electoral centrista en febreiro de 1936, na que tampouco resultou elixido como deputado. As súas aspiracións parlamentarias ficaron adiadas ata as vindeiras eleccións, que se celebrarían corenta e un anos máis tarde. Pero tamén tivo algún resultado positivo, alomenos visto coa distancia de décadas por parte do noso protagonista. Non ter sido deputado “fixome o favor máis positivo que recibín na vida”, porque deste xeito “conseguín poñela a salvo, aínda que con riscos e atrancos, na tormenta do trinta e seis” (Silva, 1985).

Efectivamente, a tormenta da guerra civil levou por diante vidas e facendas, mudou amizades e relacións, virou fidelidades e creou odios irracionais. No caso de Paz-Andrade aquela experiencia vital tivo facianas ben diversas. Por unha banda, puido axudar a preparar algunhas fuxidas de xente que se atopaba realmente en perigo –os exemplos máis coñecidos son os de Ramón Martínez López e Xosé Núñez Búa– e manter vellas lealdades nun contexto de sospeita e de medo : “dediquei moitos esforzos a salvar vidas”, diría no solpor da súa vida. Pero tampouco se librou de padecer desterros sucesivos cara á Galicia oriental ou estar a punto de correr serios riscos persoais. A consecuencia máis directa da guerra civil, co triunfo do bando franquista en abril de 1939, é que anulou de raíz os espazos nos que toda aquela xeración á que pertencía Paz-Andrade podía desenvolver a súa acción cívica e política e, con máis razón, no caso de persoas que proviñan dunha tradición republicana e cívica.

A reconstrución daqueles espazos demorouse por décadas e, con todo, adquiriu trazos moi diversos. Uns tiveron que facela no exilio exterior, outros na

clandestinidade política e uns terceiros –que sería o caso de Paz-Andrade– no campo do exilio interior, pero atenuado pola actividade profesional de avogado e director da revista *Industrias Pesqueras*, as redes relacionais co mundo da empresa e unha capacitación técnica no campo da pesca que tería a súa primeira expresión nos sucesivos cursos que impartiu nos anos cincuenta en diversos países americanos e africanos, desde Colombia ou Chile ata Angola, para embocar logo no deseño da empresa Pescanova ou converterse en asesor da FAO para temas pesqueiros. Porén, desde o punto de vista político, Paz-Andrade ficou illado, tanto do galeguismo cultural armado arredor de Galaxia como doutras plataformas de oposición ao franquismo, tanto de ámbito galego como máis xeral español. Pero non por iso deixou de estar presente nos medios do exilio, nomeadamente en Buenos Aires onde participou varias veces nas *xornadas patrióticas* do Centro Galego (1950, 1957 e 1966), e de amparar a innovadora experiencia que na Arxentina ou en Galicia desenvolveron Luís Seoane, Antón Baltar, X. Núñez Búa ou Isaac Díaz Pardo, nas fábricas de Magdalena e de Sargadelos. Alén diso, dedicou boa parte da súa potencia intelectual a pensar un programa de carácter económico para o futuro de Galicia, plasmado nalgúns dos seus ensaios máis coñecidos, como *Galicia como tarefa* (1959) e *La marginación de Galicia* (1970). Dúas obras, nomeadamente a primeira, que supoñen o esforzo máis sistemático de toda a tradición do pensamento económico do galeguismo durante todo o século pasado. Nisto advírtese ben a diferenza con outros dirixentes da época republicana como Lois Peña Novo ou M. Iglesias Corral, tamén residentes na Galicia franquista pero carentes do pulo intelectual e da coherencia política que foi quen de manter Paz-Andrade.

UNHA NOVA ALBORADA CÍVICA

Esta traxectoria de plena actividade profesional e de reflexión intelectual deu os seus froitos no panorama político que se comezou a redeseñar na agonía do franquismo e coa transición á democracia e ao réxime das autonomías. Valentín Paz-Andrade viviría, desde 1974 a 1979 unha nova “alborada cívica” –e emprego palabras de seu–, que lle permitiu estar presente nalgún dos momentos máis decisivos da política daquela altura. Primeiro como membro, a título persoal, da Xunta Democrática de Galicia, constituída en Viana do Castelo en marzo de 1975, a iniciativa da que se fundara en París no verán de 1974. Era unha plataforma de oposición política ao franquismo e de preparación da transición á democracia, na que a carón de representantes partidarios (comunistas de Carrillo, socialistas de Tierno, demócrata-cristiáns de Ruiz-Giménez) estaban persoas a título individual (Calvo Serer, García-Trevijano, Vidal Beneyto...). A actividade política de Paz-Andrade adquiriu daquela un relevo singular, dada a

importancia que a oposición española de esquerdas lle concedía naquela altura á cuestión das nacionalidades “históricas”. O propio Calvo Serer, membro a título individual da Xunta Democrática, confesaba en 1975 que “el clima es federalista” e que a “legalización das autonomías” catalá e vasca e “talvez a galega” terían prioridade.

Incorporar o prestixio dun vello galeguista, que participara activamente na política da II República e na campaña do plebiscito do Estatuto de Autonomía de 1936, significaba apostar pola táctica política de enfocar a saída da ditadura franquista polo camiño da restauración dun dos trazos máis simbólicos da II República, como eran os textos estatutarios. A decisión de Paz-Andrade ten, ademais, outro valor de oportunidade, dada a oposición á vía estatutaria que defendía o novo nacionalismo galego –daquela, en proceso de agrupación na AN-PG e no Consello de Forzas Políticas Galegas–, e a práctica imposibilidade de que retornase algunha figura do exilio plenamente representativa, pois tamén alí medrara a herba do minifundio e as alternativas ían desde Alonso Ríos, como membro fundador do Consello de Galiza (Buenos Aires) ata o propio Osorio-Tafall, antigo presidente do Comité central de Autonomía ou figuras como E. González López, profesor en Nova York, sen descartar as voces que aquí e na América apuntaban a que presidise o goberno preautonómico Ramón Piñeiro ou D. García-Sabell (nos que pensaba xente como Seoane ou Delgado Gurriarán), ou o propio Paz-Andrade (sinalado por Osorio-Tafall).

O protagonismo político de Paz-Andrade en todo o período da transición tivo máis de contribución simbólica ao proceso que de acción de primeiro plano. El mesmo se consideraba, algo modestamente, máis “espectador que actor” da convulsa política daqueles anos, porque carecía de partido político no que referenciarse dentro de Galicia e tampouco tiña un mandato ou delegación expresa do galeguismo no exilio. Tivo que actuar a título persoal, pero non por iso foi menos decisiva a súa achega para a conquista da democracia e, nomeadamente, para a colocación do feito diferencial galego na axenda política da transición. Hai tres espazos ben significativos nos que estivo presente o noso protagonista: a Comisión dos Nove, a campaña electoral de xuño de 1977 e as masivas manifestacións en demanda de autonomía de Nadal daquel ano.

A Comisión dos Nove foi o resultado da estratexia da oposición democrática de forzar unha negociación co goberno reformista de Adolfo Suárez. Dela formaron parte representantes dos principais partidos estatais da oposición (a chamada *Platajunta*), líderes sindicais e un membro por cada unha das tres nacionalidades logo chamadas “históricas”. A elección do representante de Galicia, por indicación dos comunistas galegos, recaeu en Paz-Andrade quen actuou de parcería co catalán Jordi Pujol e o vasco Julio Jáuregui. Os logros desta negociación foron importantes na medida en que fixaron unha política de consenso que aceptou as

liñas básicas da lei de Reforma Política aprobada en referendo celebrado en 1976, ampliadas coa proposta de amnistía, deseño da futura lei electoral e, sobre todo, porque se facía patente unha vontade de recoñecer o valor de precedente que tiñan os tres estatutos de autonomía aprobados de forma plebiscitaria antes da guerra civil. Este recoñecemento padecería aínda atrancos e reviravoltas, tanto no curso do debate constitucional como no de aprobación dos textos estatutarios. Pero que se colocase Galicia no mesmo plano das outras dúas nacionalidades “históricas” que puxeran en vigor, en 1932 e 1936, os seus respectivos estatutos –proceso que no caso de Galicia ficara choído polo estalido da guerra civil aos poucos días do plebiscito estatutario– engádelle un valor máis que simbólico á presenza de Paz-Andrade naquela negociación. Pode parecer unha contradición, pero cómpre recordar que só os grupos políticos da esquerda non nacionalista –en especial, o PCG– reivindicaban a recuperación do estatuto autonómico de 1936 como vía de acceso á legalidade democrática en Galicia, ao contrario do que acontecía en Cataluña onde a demanda estatutaria era partillada pola maioría das forzas políticas da oposición interior.

Unha consecuencia deste novo protagonismo político acadado por Paz-Andrade nos anos 1976 e 1977 foi a súa decisión de concorrer ás eleccións de xuño de 1977, como candidato a senador pola provincia de Pontevedra formando parte dunha “candidatura galega democrática”, apoiada por todos os grupos de esquerda excepto a UPG. El presentouse como “demócrata e galeguista independente”, pois consideraba que era urxente a recuperación do vello partido galeguista, matado de parcería no interior e no exilio a fins dos corenta. Felizmente, Paz-Andrade tivo naquela ocasión máis fortuna que nas tres eleccións da época republicana, que o deixaran ás portas de entrar nas daquela Cortes unicamerais. Ficou contento polo triunfo, como lle di a Osorio-Tafall: “fui el único que se salvó del naufragio” en que se converteran aquelas eleccións para o galeguismo e, en xeral, a esquerda política. A condición de senador non favorecía a participación de Paz-Andrade nos debates constitucionais nin no proceso de descentralización do Estado, que foron obra tanto dos deputados do Congreso como do propio goberno Suárez formado despois das primeiras eleccións democráticas. Os primeiros pasos para o recoñecemento das autonomías foron dados no outono de 1977, co retorno de Tarradellas e, logo, de Leizaola. No caso de Galicia, a concesión dun réxime de preautonomía tivo lugar en marzo de 1978, nun decreto do goberno no que ía canda Aragón e o País Valenciano, o que quería indicar que o caso galego se separaba un pouco dos procesos catalán e vasco. Na evolución do réxime preautonómico pouco tivo que ver o senador vigués: “abstención aséptica” era a súa posición ante a “danza xunteira”, segundo gráfica expresión transmitida polo noso autor aos seus amigos de América. Entre as figuras daquela danza estaban os nomes de Antonio Rosón ou Pío Cabanillas, inesperadas sombras para os que

mantiñan viva a memoria republicana e que dificilmente comprendían que a autonomía galega fose comandada por forzas e figuras que pouco tiñan que ver con ela. O futuro aínda depararía algunha outra sorpresa.

Unha derradeira alborada cívica tivo en Paz-Andrade un dos seus principais organizadores: foi a “Xornada pola Autonomía” celebrada no Nadal do 1977 nas principais cidades galegas, das que a de presenza máis masiva e impresionante foi a de Vigo, que chegou aos trescentos mil manifestantes. Nas epístolas escritas aos seus amigos do exilio, tal que Núñez Búa ou Osorio-Tafall, para lles dar conta da xornada, Paz-Andrade non pode coutar o seu entusiasmo: “Qué fonda saudade de ti e de tantos amigos que xa non pisan o mundo, sentín o día 4 (...). Endexamais na historia de Galiza se rexistrou un acontecemento popular de semellante dimensión”. Foi o mellor broche para unha executoria política exercida con paixón, aínda que fose de forma intermitente, con fidelidade a uns principios de raíz republicana e federalista, galeguista e autonomista, que non sempre tiveron canais polos que se expresar a xeito. El acreditou desde a súa mocidade nos principios cívicos e democráticos na concepción da política e na necesidade de ancoraxe social para o seu desenvolvemento, principios que tamén desexaba cuñar naquel momento histórico de construción da democracia política e de autonomismo das tres nacións de Galeuzca. Como é sabido, os ventos da historia levaron os navíos da política española por outros mares, dos que moito se doería Paz-Andrade: “o que había que facer é un Estado non xeneralizando a autonomía a aquelas rexións que non teñen por que tela” (Calvo, 1998: 453).

O ECONOMISTA: UN NOVO MODO DE INTERPRETAR GALICIA

Nos anos cincuenta foron moi frecuentes, tanto na España interior como na do exilio, obras nas que se formulasen reflexións interpretativas sobre o “ser” ou “alma” de España e dos seus pobos. Pensemos na tensa polémica de Sánchez Albornoz contra Américo Castro, dous “astros da España peregrina”, en opinión de Vicens Vives; ou reparemos na menos interesante polémica interior, a propósito das estratexias dos “escluintes” e dos “comprensivos” que enfrontou a Calvo Serer e Laín Entralgo á conta de España “como problema” ou “sen problema”. No caso galego, estas polémicas tiveron escaso eco, pero en cambio foi tamén nesta época cando xurdiron as primeiras obras que tentaron achegar perspectivas algo diferentes das que marcara a interpretación cultural e mesmo espiritualista da xeración Nós, de Risco a Castelao, e que por outra vía continuara o grupo Galaxia, por mediación de Ramón Piñeiro e a súa apelación á filosofía da saudade. Foi xustamente no exilio onde se foron configurando novas olladas sobre a identidade de Galicia, como foron os textos de E. González López (*Galicia, su alma y su cultura*, Buenos Aires, 1954) ou as novidosas interpretacións da historia

de Galicia cuñadas por Luís Seoane, á conta do seu medievalismo como un modo de cantar o conflito social e a liberdade representados por figuras como Xohán Tuorum ou Roi Xordo (Villares, 2011). Neste contexto é no que aparece a obra de Paz-Andrade, *Galicia como tarefa*, que se coloca moito máis próxima ao estilo dos novos relatos nacionais que estaban a aparecer na España dos anos cincuenta, como acontecía cos textos de J. Vicens Vives (*Noticia de Cataluña*, 1954) e de Joan Fuster (*Nosaltres els valencians*, 1962) que, por camiños distintos, concedían especial importancia a razóns económicas e políticas para entender a posición de Cataluña e do País Valenciano no contexto político da España antifranquista. No caso de Paz-Andrade, fica ben clara a importancia que ten a estrutura económica, pero tamén a vontade política, para unha concepción máis voluntarista que historicista da identidade de Galicia.

Esta obra interpretativa de Galicia que elabora Paz-Andrade nos anos cincuenta ten, pois, uns trazos claramente epocais. A diferenza é que se trata dun autor xa ben maduro cando comeza a dar a lume textos que de forma sistemática abeiran os problemas económicos de Galicia. O primeiro deses textos foi *Galicia como tarefa* (1959), que certamente se pode considerar como un libro singular e pioneiro. Foi un libro singular porque aparece como un oasis no medio dun deserto, dado que na tradición cultural galega había poucos precedentes de análise da situación económica do país combinada cun proxecto político de orientación explicitamente galeguista. O rexionalismo político, agás as propostas de Alfredo Brañas, ficara á marxe da onda rexeneracionista que percorreu a España finisecular. E o nacionalismo político forxado polas Irmandades da Fala desde 1918, coa excepción de figuras como Lois Peña Novo, estivo pouco conectado coa obra de científicos sociais e de técnicos que estaban a construír unha peculiar modernización científica de Galicia, desde institucións como a Granxa Agrícola Experimental, dirixida polo valenciano L. Hernández Robredo, ou a Misión Biolóxica de Galicia, dirixida polo vasco Cruz Gallástegui. Estes dous autores, xunto co veterinario catalán J. Rof Codina e o divulgador agronomista Valeriano Villanueva, foron os grandes adais da difusión en Galicia das novidades científicas en materia de agronomía e de economía rural durante as primeiras décadas do século XX. Pero as súas relacións co mundo da política galeguista eran débiles ou inexistentes. Isto explica que, en obras tan influentes como o *Sempre en Galiza* de Alfonso R. Castelao, as referencias de carácter económico sexan moi xenéricas e, desde logo, pouco atentas ás novidades que se estaban a producir no seo da economía galega anterior á guerra civil, nomeadamente na agricultura.

En ausencia de referentes próximos tanto galegos como españois, este libro de Paz-Andrade aparece fecundado por aires que veñen de moi lonxe, nomeadamente da tradición económica anglosaxona e francesa, coa que o autor se foi familiarizando nas súas viaxes a México, Colombia, Chile e Arxentina. Os textos

de economistas como Keynes, Schumpeter, Pigou, Myrdal ou Hicks, de demógrafos como Fromont e Landry ou de antropólogos como Herskovits, moitos deles traducidos ao castelán pola editora mexicana Fondo de Cultura Económica, encheron os andeis da biblioteca privada de Paz-Andrade. Os camiños polos que chegou a estes autores non son explícitos, pero parece evidente que debeu ser esencial a súa continuada presenza en América e o seu contacto persoal, durante os primeiros anos cincuenta, con economistas escandinavos nos cursos pesqueiros e, nomeadamente, a súa proximidade afectiva con dirixentes da FAO e mesmo cos máis relevantes economistas da CEPAL (Raúl Prebisch e Celso Furtado), que daquela estaban empeñados na elaboración dunha alternativa de desenvolvemento económico para o continente suramericano fundada na industrialización periférica con apoio estatal. Esta foi unha aposta case relixiosa e non estraña que o propio Celso Furtado definise os «cepalinos», nun dos seus libros autobiográficos (Furtado, 1991), como «peregrinos da Orden do Desenvolvemento». Aínda que a notable distancia, nesa organización tamén quixo militar Paz-Andrade.

Galicia como tarea tamén é un libro pioneiro porque se adianta ao seu tempo ao introducir unha variante esencial nos relatos interpretativos da realidade galega de posguerra. Fronte ao enfoque cultural que mesmo estaba presente no texto de González López, que tentaba “encontrar el carácter propio de los gallegos” na obra dos seus grandes literatos (Rosalía, Pondal ou Valle-Inclán), Paz-Andrade salienta a necesidade de dar pasos adiante para que o tren da historia non sexa perdido, máis unha vez, pola economía galega. A xuízo do autor, son «horas estelares» as que definen a conxuntura en que se atopa Galicia a finais dos anos cincuenta, que debe ser analizada con rigor de economista e, mesmo, de estatístico. Aquí está patente tamén o carácter pioneiro do libro, porque combina a análise estatística precisa cunha concepción global e mesmo cultural de Galicia, entendida como un «ser enterizo» que precisa deseñar un destino. Esta é a «tarea». Non aceptar Galicia como «algo que nos ha sido dado irremediamente hecho», senón que se precisa construír unha nova interpretación na que Galicia deixe de ser unha estereotipada «esquina verde» e se converta nun proxecto colectivo pensado «desde ángulos activos» que «hemos de hacer, o rehacer, todos los días». Non hai lamentacións nin doadas culpabilizacións, senón unha apelación clara á responsabilidade colectiva e á capacidade das elites para deseñar ese futuro como un destino. Algo do «ethos» orteguiano ecoa claramente nestas páxinas.

O máis importante é o enfoque ou o punto de vista con que se quere actuar: hai que abandonar «la interpretación caduca de Galicia», aquela que pensa o país en termos de estoico pesimismo e de maldición divina. Pola contra, é preciso refacer cada día a herdanza recibida. As ferramentas coas que conta Galicia son claras: poboación abundosa, riqueza natural e fontes de enerxía que daquela estaban a aparecer na «raíz líquida de los valles fluviales» coa sucesión de encoros

construídos ou proxectados nas concas do Sil e do Miño, que serían «la clave de una era de auge industrial», por non falar doutras riquezas do subsolo galego xa anunciadas un século antes por Guillermo Schulz, autor que moito amaba Paz-Andrade. Industrializar parece ser a obsesión do autor, como o estaba a ser da literatura económica española daquela altura, que acabou amparando o maior proceso de crecemento industrial da historia económica de España, como foi o período 1959 a 1973. E semellante obsesión industrializadora palpábase na literatura económica dos países iberoamericanos, enfrascados nas políticas de «substitución de importacións» que defendían os dirixentes e estudosos da CEPAL. O libro de Paz-Andrade é pioneiro no contexto galego, pero non carece dun ar de familia nun ámbito máis xeral.

O discurso argumental de *Galicia como tarea*, que en boa medida se repetirá no libro *La marginación de Galicia* (1970), sostense nun trípede composto por apartados de moi desemellante relevancia, pero que non privan de coherencia o conxunto. Unha primeira parte está dedicada ao estudo dos «supuestos estructurales», que son a terra e a poboación como dous factores de produción básicos. A segunda parte ocúpase do presente e do futuro, nunha definición de «horizonte económico», no que a cerna está constituída pola análise do capital (aforro, investimento, enerxía, industria) como elemento central para resolver o «dilema presente» de Galicia, que non é outro que lograr que sexa recoñecida como unha «área óptima de la industrialización». E a terceira parte, sen dúbida orixinal pero algo inesperada nun libro deste estilo, ocúpase da cultura galega como un valor de identidade pero tamén de proxección, nomeadamente no que atinxe ao idioma e á súa conexión cos países de lingua portuguesa. Non é do caso entrar en pormenores do texto, dos que me ocupei con máis extensión noutro lugar (Villares, 2012).

PENSAR O FUTURO: O INSTITUTO GALEGO DE ECONOMÍA

A aparición do libro *Galicia como tarea* estaba concibida, polo menos nos medios do exilio porteño, como un fito na renovación da idea de Galicia e como un modo de combater o exceso de espiritualismo cultural que se denunciaba como característico do grupo Galaxia e do seu principal mentor, Ramón Piñeiro. Era preciso incorporar unha perspectiva económica para construír o futuro e neste propósito converxen tanto Paz-Andrade como os seus amigos do exilio. De feito, durante a súa estada na capital porteña, mantén varias conversas cos membros da AGUEA que teñen como fio condutor o deseño dun futuro económico para Galicia. Segundo conta o propio Paz-Andrade, «casi todas las noches, con Antonio [Baltar], Luís [Seoane], Rafael [Dieste], Eduardo [Blanco Amor], Ramón [de Valenzuela]... falamos» de obras e iniciativas «para ejecución futura». O punto

de encontro é a aposta por darlles forma institucional aos estudos da realidade económica de Galicia, a través da fundación dun Instituto Galego de Economía, que desde Buenos Aires lle encargan Baltar e Díaz Pardo de forma repetida a Paz-Andrade. Sería unha alternativa á aparición da *Revista de economía de Galicia* (REG) impulsada por X. Illa Couto desde a editorial Galaxia, proxecto que, no sentir de Díaz Pardo, non era máis que «un boletín que non di mais que calquer publicazón periódica de unha banca, das que están feitas xustamente coa intención de non decir ren» (carta a Paz-Andrade, desde Magdalena, 20/05/1959). Durante os anos 1958 e 1959, as referencias a este Instituto de Economía son frecuentes tanto nas cartas de Paz-Andrade como nas de Díaz Pardo. Así, nunha carta a Isaac do 03/11/1958 dille Paz-Andrade que «non esquecín o proieuto do Instituto», pero suxire que se debe aproveitar a saída editorial de *Galicia como tarea* para lanzar a idea. E, meses máis tarde, volven un e outro sobre o asunto, para anunciar finalmente en xullo de 1959 que «cando teña rematados os Estatutos, coido que dentro dun mes, enviareino», aínda que en outubro daquel ano avisa Díaz Pardo que na AGUEA se «segue agardando polo proyeuto de Instituto Galego de Economía».

Este proxecto non se levou a cabo, nin tampouco saíu a lume ningunha publicación periódica alternativa á REG, que tivo unha fecunda vida durante un decenio (1958-1968) e que marcou unha época no pensamento económico galego. Pero as promesas de Paz-Andrade de se ocupar dun Instituto de Economía eran certas, porque no seu arquivo particular aparece algunha documentación sobre este asunto. Entre estes papeis, alén dun esborrancho de estatutos, atópanse tamén outros textos ou publicacións que deberon servir de inspiración, como son os estatutos dun Instituto Brasileiro de Economía, promovido pola Fundación Getúlio Vargas en 1953, os dun Instituto Valenciano de Economía, do ano 1948 e, tamén, un proxecto de Instituto para o Fomento Económico, promovido en 1955 pola Cámara de Comercio da Coruña. Visto no seu conxunto, o criterio adoptado por Paz-Andrade para o deseño da composición e goberno do Instituto galego estaría máis próximo dos exemplos valenciano ou coruñés que do brasileiro. Tratábase de combinar a presenza das corporacións políticas e económicas (deputacións provinciais, cámaras de comercio, agrícolas ou da propiedade) con institucións de carácter formativo, como a universidade, as escolas de comercio e de industria ou, mesmo, a Academia Galega.

Pero máis relevante que este deseño da gobernanza do Instituto sería analizar os fins que se pretendía lograr. Dispomos aquí de dúas referencias concretas. A primeira está presente no propio esborrancho de estatutos, nos que se alude a obxectivos xenéricos como o estudo da «estructura económica» de Galicia, no que lle atribúe especial importancia á demografía, así como a elaboración de estudos e informes sobre recursos naturais, modernización de sectores produtivos,

localización de industrias ou fomentar a capacitación de persoal directivo, xestor e tecnolóxico con destino ás actividades empresariais. A segunda referencia procede dunha carta de Díaz Pardo escrita a Paz-Andrade no 05/05/1959, ao pouco de chegar a Arxentina nunha das súas frecuentes viaxes. Nesta carta –publicada recentemente na revista *Grial* (núm. 193, 2012)– apúntanse dúas ideas importantes: a) que ademais da economía se abrise o abano a outros campos, entre os que menciona os da «organización científica», idea que está en evidente relación coas preocupacións que daquela tiña Díaz Pardo e sobre a que publicou un folleto titulado *Discusión sobre organización de las industrias manufactureras* (A Coruña, 1960); e b) a concepción do Instituto como un órgano con dúas sedes, unha en Galicia e outra en América, pois será a parte americana, no sentir de Díaz Pardo, a que permita manter o proxecto «na liña que verdadeiramente interesa», lonxe dos «filtros ponzoñados» que abundan na Terra (carta do 20/05/1959).

Que esta iniciativa non se levase a cabo non lle quita un adarme de valor á idea de que, a finais dos anos cincuenta, era preciso pensar o futuro de Galicia lonxe dunha perspectiva esencialista e cultural. A súa aposta era máis integral, con preferencia polo discurso económico, no que a industrialización baseada no aproveitamento dos recursos enerxéticos, o investimento do aforro rexional e a apertura ao exterior fundada no patrimonio dunha lingua transcontinental eran as liñas básicas do libro e do Instituto de Economía co que soñaban Paz-Andrade e os seus amigos, do interior e do exilio. O seu autor e promotor era consciente do que estas propostas significaban pois, como lle advertía en 1968 ao seu corresponsal en Nova York, E. González López, «o libro [*Galicia como tarea*] ten ceais o valor de haberse adiantado aos temas que hoxe se veñen manexando, case sempre con exceso de ciencia e carencia de clínica social galega». Esa clínica social coa que soñaban Paz-Andrade, Díaz Pardo e outros ilustres exiliados non colleu forma institucional, pero remanece como unha das moitas utopías das que está inzada Galicia.

CULTURA E LINGUA

O perfil biográfico de Paz-Andrade, sobre todo nas súas luces, admitiría moitas análises complementarias das feitas ata aquí. Pero vou dar cabo a esta intervención cunha breve referencia a unha das mellores apostas do noso biografado, que foi a súa apertura ao mundo exterior, que fixo patente en moitas facianas da súa vida, tarefa que desenvolveu desde o seu lugar de morada, a cidade de Vigo. En certo modo, este trazo da súa biografía constitúe unha metáfora do estilo con que medrou e se modernizou no século pasado a cidade viguesa: con “raíces na Terra”, pero sempre aberta á viaxe, preferentemente por mar. Paz-Andrade foi, desde moi cedo, un mediador social e empresarial que, por razóns de traballo, co-

mezou a estar presente en ámbitos económicos corporativos nos que tivo que se confrontar con *lobbies* e grupos de intereses. O tecido empresarial da ría de Vigo, dada a súa especialización nos negocios do mar e a súa vocación cara ao comercio exterior, precisaba claramente de expertos que fosen capaces de romper as barreiras do proteccionismo económico que tanto marcou a España da primeira metade do século pasado. Como asesor da patronal *La Marítima* de Bouzas, Paz-Andrade tivo que estar presente con frecuencia en Madrid ou en París, dada a importancia do mercado francés para o sector da conserva e da construción naval. Esta dedicación profesional, alén do seu traballo como avogado, fixo de Paz-Andrade un viaxeiro que, na primeira posguerra, só puido desenvolverse a través das súas conexións con Portugal e, logo, con América e cos países escandinavos. Cando Otero Pedrayo viaxa en 1947 a Buenos Aires, segundo conta no seu libro *Polos vieiros da saudade*, fica ben patente a axuda que lle presta Paz-Andrade para arranxar a súa viaxe e para levar contactos certos en cidades como Lisboa.

Esta querenza de Paz-Andrade polo mundo de lingua portuguesa foi un trazo moi orixinal na súa biografía. Certamente, na tradición do galeguismo da preguerra, as apelacións a Portugal foron moi frecuentes no plano literario, como amosan as relacións de Risco, Villar Ponte ou Noriega Varela con figuras como Teixeira de Pascoaes, Alfredo Guisado, Hernâni Cidade ou Leonardo Coimbra, sen se esquecer do amplo mundo da arqueoloxía e da etnografía, cuxas relacións mutuas se situarían nun plano máis académico. Pero a novidade que achega a biografía de Paz-Andrade é que estende esta relación portuguesa a países como Brasil e a colonias como Mozambique. Un dos seus contactos máis permanentes foi o poeta Guilherme de Almeida, a quen coñeceu no Vigo dos anos trinta cando, exiliado en Portugal, deixou un pequeno relato da súa viaxe a Galicia no texto publicado na revista *Nós* en 1935, “Galliza, patria da canção”. Neste texto conta o poeta paulista que acudiu á “Semana portuguesa de Vigo” celebrada en 1933, onde fixo a descuberta de Galicia como “troncalidá” ou “patria primeira da minha raça”. Aínda que Paz-Andrade non frecuentou Brasil coa intensidade con que viaxou a outros países americanos, as súas conexións con figuras da cultura brasileira foron constantes, ata culminar no seu fecundo libro *A galecidade na obra de Guimarães Rosa* (1978) traducido ao brasileiro por Paulo Ronai e publicado na editora paulista Difel cinco anos máis tarde, obra pola que o tradutor gañou o premio Jabuti da Cámara Brasileira do Livro. Desbastar a prosa do romance *O grande sertão*, para identificar nela as pegadas –léxicas, etnográficas– deixadas polos inmigrantes galegos que foran traballar ao estado de Minas Gerais nos tempos do “ouro do Brasil” constituíu un reto que mesmo resulta sorprendente para estudosos e comentaristas da edición brasileira deste ensaio.

O aprecio da cultura e da lingua portuguesa tivo tamén un efecto de retorno sobre a lingua galega, para a que Paz-Andrade soñaba un porvir “transcontinental”. O noso autor concibía a cultura e a lingua de Galicia como un valor que debe acompañar as propostas de desenvolvemento económico que son a cerna das súas obras de carácter económico. Nelas denuncia a «marxinación» da lingua e reflexiona, en *Galicia como tarefa*, sobre o «destino histórico» truncado da lingua galega na súa evolución histórica, que había de ser «hacia el sur y sobre el mar» e que ficou escindida, máis que frustrada, pola afirmación do reino de Portugal e a súa expansión ultramarina. Posición que reitera en *La marginación de Galicia*, ao aludir á propia “marginación” da lingua galega como elemento definidor dos problemas estruturais da sociedade galega, e que está presente de forma constante en conferencias, textos breves e, desde logo, no copioso epistolario que mantivo con centos de correspondentes. Como lle confesa a Guerra de Cal, “cecais estamos diante do nó máis tolledor da cultura galega” (carta de 10/9/1969).

A novidade da posición lingüística de Paz-Andrade é que non renuncia ao valor da lingua galega e á súa propia peculiaridade no conxunto do sistema lingüístico portugués, pero non a reduce unicamente ao territorio galego. Sendo como era unha lingua “non vernácula” –de acordo coa definición da UNESCO apuntada polo autor, segundo a que non se lle atribúe tal característica á fala popular dun país que é lingua oficial doutro–, o idioma galego forma parte dun conxunto que «se extiende a cuatro continentes», sendo o seu principal valor a capacidade de comunicación con millóns de persoas («setenta millones», na altura que estaba a escribir *Galicia como tarefa*, que hoxe serían case 250 millóns de falantes de portugués). A lingua, máis que para «ser» un sinal de identidade –posición sostida rexamente por Ramón Piñeiro coa súa interpretación herdiana do idioma–, debía ser entendida como un instrumento para «facер» e para comunicar, como un tesouro que alongaba mundialmente o «mapa do idioma de Rosalía e de Camoens».

CODA

Vou dar cabo a esta intervención retomando as referencias iniciais sobre as luces e as sombras para recapitular en poucas palabras o percurso biográfico de Paz-Andrade. As luces da súa biografía son moitas e diversas. Están presentes na súa concepción civilista da política, desde o seu combate contra o clientelismo da Restauración e contra a ditadura de Primo de Rivera ata o seu entusiasmo pola “alborada cívica” das manifestacións a prol da autonomía do Nadal do 1977. Democracia, galeguismo e autonomismo son os seus referentes esenciais, que o emparentaban cos líderes máis relevantes das nacións galeuzcanas, desde Aguirre ou Irujo ata Tarradellas ou Bosch-Gimpera. Tivo tamén unha enorme clareza na

súa interpretación de Galicia como un proxecto colectivo, fundado na enerxía da súa economía e non en choros polo seu atraso, promovendo iniciativas empresariais das que unhas saíron triunfantes (caso Pescanova) e outras ficaron choidas (caso Petrogasas); pero nunca deixou á beira, na súa traxectoria profesional e política, o papel da cultura e nomeadamente da lingua como “compañeira” útil para a proxección exterior de Galicia e non simplemente como un sinal de identidade para uso doméstico. E, por riba de todo, el foi un gran mediador no campo da economía e mediador de Galicia e a súa cultura co mundo do exilio e, en xeral, con todo o continente americano, que chegou a coñecer de primeira man, como amosan os seus dietarios de viaxe e, desde logo, a súa correspondencia. Tivo o mundo como referente, sen abandonar nunca a súa “Barcelona do Atlántico”. E tivo, como amosan as análises da súa obra de creación literaria, unha evidente forza poética, ese “fondo lírico” que lle apoñía Otero Pedrayo. Para dicilo en poucas palabras, foi un pragmático entre poetas.

Pero tampouco tivo unha biografía exenta de sombras que, en parte, condicionaron a súa propia fama posterior. O paralelismo co seu amigo Castelao non é total, pero algo do que el verbaliza na biografía do rianxeiro parece un trasunto dos seus propios sentimentos. Pois algunhas desas sombras veñen de vello. Tivo disensos cos seus compañeiros do Partido Galeguista, desde 1932, que tardaron en ser superados malia a actitude comprensiva do propio Castelao cando a viraxe “frentepopulista” do Partido Galeguista no outono de 1935. Tivo tamén fortes disensos cos seus compañeiros do galeguismo do interior no período franquista que, parcialmente, repercutiron tamén no exilio porteño, como lle aconteceu na viaxe de 1957 e na súa marxinação do proxecto da *Revista de Economía de Galicia*. Aceptou formar parte da plataforma de oposición ao franquismo construída polo PCE a través da Xunta Democrática de Galicia e defendeu “a cadeira de Galicia” nas negociacións da Comisión dos Nove co goberno de Adolfo Suárez, entre a indiferenza ou a oposición dos galeguistas e do nacionalismo radical dos tempos da transición. Porén, foi crítico coa escolla de Antonio Rosón para a presidencia da preautonomía. O seu desazo polo “sacrificio sen razón” en que se converte moitas veces a política fíxolle ver con ollos tristes os resultados deste proceso de construción da autonomía galega, sobre todo pola ausencia dun partido ou organización galeguista equiparable ás que comandaron as autonomías vasca e catalá. Pero xa non eran tempos de acción, senón de observación e de reflexión. Nos últimos tempos da súa existencia, aínda que recibiu algúns premios que tiveron o aplauso de antigos críticos, mantívose claramente arredado da vida oficial, tanto da política como da cultural, amosando unha especial actividade nas súas relacións coas xentes do exilio e con figuras como M. Rodrigues Lapa, X. L. Fontenla ou E. Guerra da Cal, que defendían unha alternativa reintegracionista para a ortografía da lingua galega.

Pode concluírse, pois, que Valentín Paz-Andrade tivo a biografía propia dun home seguro e de vontade rexa, que se caracterizou por ser el mesmo antes que entregarse ao acubillo de grupos e capelas. Independencia persoal que tivo algúns custos, pero tamén vantaxes: “é verdade que as pasache putas, máis salváchete de ser un eisiliado político”, era o que lle dicía en 1977 o seu fraternal amigo Núñez Búa desde Arxentina. A súa traxectoria persoal estivo presidida pola pericia profesional, unha sólida formación intelectual e un pertinaz pragmatismo, que talvez tivo menos éxito no campo da política que no do ensaio económico ou no da iniciativa empresarial. Na súa vida desempeñou moitas actividades, pero, como confesaba á altura de 1985, “sempre levei dentro o home de empresa porque a necesitaba a nosa Terra”. Desta seguridade e desta condición persoal de ser persoa emprendedora fixo gala toda a súa vida, o que lle permitiu estar por riba de miudezas e de resentimentos: “eu non teño cicatrices, e moito menos para respirar por elas”, dicía o noso protagonista cando lle preguntaron polo atentado padecido no ano 1932. A súa obra política, emprendedora, xornalística e de creación literaria foi levada a cabo, con frecuencia, “contra viento y marea”, como lle dicía en carta amical Osorio-Tafall en 1980. Pero tamén lle advertía sagazmente que “no te harán justicia mientras vivas”. Este recoñecemento chegou ben tarde, pero ao cabo chegou, como amosan as actividades, estudos e homenaxes que durante este ano 2012 concitaron a súa figura e súa obra. Como o propio Paz-Andrade diría da peripecia vital de Castelao, tamén no seu caso unha vida de luz e de razón virou supetamente en sombras, que tardaron un cuarto de século en seren varridas.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

As citas de cartas de Paz-Andrade ou dirixidas a el, salvo as publicadas no *Epistolario* de 1997, proceden da Fundación Penzol ou, na súa maioría, do arquivo particular da familia Paz-Andrade, recollidas no Arquivo Dixital do Consello da Cultura Galega (en proceso de difusión na rede).

Beramendi, Xusto (2007): *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*.

Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Calvo, Tucho (1998): *Valentín Paz-Andrade, a memoria do século*. Sada: Edicións do Castro.

Furtado, Celso (1991): *Os ares do mundo*. São Paulo: Paz e Terra.

López García, Xosé (ed.) (2004): *O xornal Galicia (1922-1926): o alento da modernidade*. Vigo: Edicións A Nosa Terra.

- Paz-Andrade, Valentín (1930): “A nosa definición autonomista”, *Nós* 80.
- (1959): *Galicia como tarea*. Buenos Aires: Ediciones Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires. Reedición, con estudo introdutorio de Ramón Villares, en Edicións Xerais de Galicia: Vigo, 2012.
- (1970): *La marginación de Galicia*. Madrid: Siglo XXI Editores.
- (1978): *A galecidade na obra de Guimarães Rosa*. Sada: Edicións do Castro.
- (1982): *Castelao na luz e na sombra*. Sada: Edicións do Castro. Segunda edición: 1986; terceira edición: Editorial Galaxia, 2012.
- (1997): *Epistolario*. Sada: Edicións do Castro. Edición ao cuidado de Charo Portela e Isaac Díaz Pardo.
- (2012): *Diario de Viajes*. Santiago de Compostela: Alvarellos Editora. Edición de Emilia García López.
- (2012): *Canto do pobo disperso*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Edición de María Xesús Lama.
- Rovira i Virgili, Antoni (1932): *El principi de les nacionalitats*. Barcelona: Editorial Barcino.
- Silva, José Antonio (1985): “Entrevista a V. Paz-Andrade”, en *Gallegos* [serie], Santiago de Compostela: Televisión de Galicia.
- Villares, Ramón (2011): “Castillos frente a castros. La Edad Media en la identidad nacional gallega”, *Historia Social* 69.
- (2012): “Galicia en l’obra de Paz-Andrade. A propòsit de *Galicia como tarea*”, *L’Espill* 42, 49-63.